MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ASUNTOS SOCIALES

TESORERÍA GENERAL
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Dirección Provincial de A Coruña
Subd. Prov. de Gestión Recaudatoria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACION
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
022965 23.05.2006
Rexistro de ENTRADA

O F I C I O

S/REF. :
N/REF.: Sección de Información Xeral, At. ó Usuario e Procesos de Inscrición e Afiliación

FECHA: 16 de mayo de 2006

ASUNTO: Cotización paga por antigüidade

030682 19-05-06

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
-Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa-
Ed. Admtivo. San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

En contestación á consulta presentada nesta Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social con data do 20/04/06 sobre a cotización da Seguridade Social da paga extraordinaria por antigüidade na empresa dos centros privados concertados informámolos de que, conforme á Disposición Adicional Primeira, apartado 3, da Orde TAS/29/2006, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social contidas na Lei 30/2005, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2006, a paga extraordinaria de que se trata deberá cotizar á Seguridade Social no ano no que se devengue, con prorrateo nos doce meses do ano.

Así, no caso de que se devengue neste ano, tomando como referencia o mes do devengo, haberá de practicarse, por unha parte, unha liquidación complementaria polos meses xa transcorridos ata dito mes, e por outra parte, incrementarase na parte que corresponda as cotizacións pendentes de ingresar durante o resto dos meses ata o final do ano.

En relación cos casos específicos nos que o traballador falecera ou pasara a situación de xubilación ou desemprego no ano do devengo, este prorrateo farase entre os meses transcorridos entre o comezo do ano do devengo ata a data na que falecera ou causara baixa na empresa por empezar a cobrar algunha destas prestacións.

Segundo o apartado 2 da Disposición Adicional citada no primeiro parágrafo, nestas liquidacións tomaranse en conta as bases, topes, tipos e condicións vixentes nos meses entre os cales se prorratee a paga extraordinaria.

Así mesmo, indicámoslles que, de acordo co artigo 22 do Real Decreto 2064/1995, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral sobre Cotización da Seguridade Social, o empresario descontará ós seus traballadores, no momento de facerlles efectivas as súas retribucións, a aportación que corresponda a cada un deles. Se non efectuase o desconto nese momento non poderá realizalo con posterioridade, quedando obrigado a ingresar a totalidade das cotas ó seu exclusivo cargo.

O prazo regulamentario de ingreso destas liquidacións complementarias, conforme ó artigo 56.1.c) do Regulamento Xeral de Recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto 1415/2004, do 11 de xuño, finalizará o último día do mes seguinte a aquel no que se aboe a paga por antigüidade, sempre que se acredite documentalmente o mes no que se aboaran, de tal forma que se o pago das cotizacións se fixese en dito prazo non procedería recargo algún.

Por último, en relación cos suxeitos que actualmente estén cobrando unha pensión, indicámoslles que se a cotización da paga por antigüidade modifica a base de cotización dalgúns dos meses tomados en conta para o cálculo da base reguladora da prestación, o interesado terá que solicitar unha revisión de oficio, aportando unha certificación da empresa coas novas bases de cotización para proceder a recalcular a pensión.

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES · TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL · A Coruña · DIRECCIÓN PROVINCIAL

O DIRECTOR PROVINCIAL,
P.D.: A SUBDIRECTORA PROVINCIAL
DE PROCEDEMENTOS ESPECIAIS

Ado.: Mª Pilar Coloma Gómez

FEDERICO TAPIA,54-3º
15005 A CORUÑA
TEL.: 981 18 76 17
FAX: 981 18 76 94

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ASUNTOS SOCIALES

0432071 4-07-0

TESORERÍA GENERAL
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Dirección Provincial de A Coruña
Subd. Prov. de Gestión Recaudatoria

O F I C I O

S/REF. :
N/REF.: Sección de Información Xeral, At. ó Usuario e Procesos de Inscrición e Afiliación

FECHA: 14 de xullo de 2006 mapa/mjaa

ASUNTO: Cotización paga por antigüidade

FEDERACIÓN EDUCACIÓN E XESTIÓN DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
Rúa Santa Clara, 23
15704 Santiago de Compostela

Como complemento á información facilitada con data do 19-05-06 sobre a cotización á Seguridade Social da paga extraordinaria por antigüidade nos centros privados concertados informámolos de que, nas circunstancias citadas no seu escrito do 05-07-06 en que os traballadores reciben a paga no ano 2006 pero o falecemento, a xubilación ou o desemprego tivo lugar en anos anteriores, a cotización deberá facerse mediante unha liquidación complementaria referida ó ano no que se extinguiu a relación laboral que comprenda os meses durante os que o traballador estivera vinculado a empresa.

O DIRECTOR PROVINCIAL,

P.O. EL SUBDIRECTOR PROVINCIAL DE
RECAUDACIÓN EJECUTIVA

Fdo.: José Mª Rico García

FEDERICO TAPIA,54-3º
15005 A CORUÑA
TEL.: 981 18 76 17
FAX: 981 18 76 94

lunes, 18 de septiembre de 2006.jpg

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación
e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACION
E ORDENACION UNIVERSITARIA
008308 17.04.06
Rexistro Xeral SAIDA

Ref.: MJPM/MEPF

Asunto: Consulta sobre as cotización á seguridade social da paga extraordinaria por antigüidade na empresa dos centros privados concertados.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria formula a seguinte pregunta:

¿Que tratamento en materia de cotización á seguridade social debe recibir o abono aos profesores de centros privados concertados da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no artigo 61 e disposición transitoria terceira do IV Convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, publicado por Resolución do 2 de outubro de 2000, da *Dirección General de Trabajo* (*Boletín Oficial del Estado do 17*) e que se acollan a Resolución do 1 de abril de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa (*Diario Oficial de Galicia do 15 de abril*)?

Concretamente as pregunta que se formula é que tipo de cotización corresponde á consellería e ao traballador sobre os importes percibidos en cada unha das situacións que se indican a continuación:

A) Profesores que seguen prestando os seus servizos nun centro de ensino concertado e, polo tanto, a consellería aboa as súas retribucións en pagamento delegado.

B) Profesores que actualmente non están en pagamento delegado por varias circunstancias:

- Prestar os seus servizos en un nivel educativo non concertado ou en outra actividade.
- Estar en situación de desemprego.
- Estar xubilado total ou parcialmente.

C) Herdeiros de traballadores falecidos.
D) Empresas que aboaran a paga ao traballador e que soliciten o reintegro á Administración.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2005
A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Asdo: Mª José Pérez Mariño

Tesorería General de la Seguridad Social
Rúa Federico Tapia, 54 – 3º
15005 A CORUÑA

jueves, 15 de junio de 2006 (8).jpg